

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE ABRIL DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA****DECRETOS****CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Laracha do treito da vía de servizo da estrada AC-523 situado na súa marxe esquerda, entre o p.q. 5+770 e o p.q. 6+390.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo Cotobade de dous treitos antigos da estrada EP-7102 de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se crea a Mesa de diálogo social de Galicia e se establece a súa composición, organización e funcionamento.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilariño de Conso para a construción dunha piscina municipal e de edificación de apoio na contorna da praia fluvial da Faceira, por importe total de catrocentos mil euros (400.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para o fomento da accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para a adquisición de vehículos adaptados que faciliten a prestación de servizos a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade por parte de entidades de iniciativa social da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2026.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da presentación de alegacións ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico pola modificación do Regulamento xeral de costas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba o Plan Innova FP Galicia 2026-30.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Monte do Gozo, para a rehabilitación dun inmovble destinado a centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia. Importe: novecentos sesenta mil vinte e tres euros con setenta e nove céntimos (960.023,79€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Santiago de Compostela (SUD 1 Mallou).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o procedemento para o exercicio das opcións de prestación de xornada complementaria nos puntos de atención continuada (PACS) aprobado na mesa sectorial de negociación do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde celebrada o 27 de marzo de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Orde pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2026, por un importe de catrocentos trinta e tres mil trescentos cincuenta e tres con vinte e catro céntimos (433.353,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Colectivo RPM para o desenvolvemento do programa de danza e artes vivas "Residencias Paraíso" en 2026 por importe de cincuenta e oito mil douscentos setenta euros con vinte e cinco céntimos (58.270,25 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas á realización do programa Retorna Cualifica Emprego e se procede a súa convocatoria para as anualidades 2026-2027, por un importe total de dous millóns trescentos mil euros (2.300.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional de Análise do leite de Galicia (LIGAL), para a monitorización de riscos emerxentes con impacto sobre o leite cru de vaca producido en Galicia para o período 2026-2028, por un importe total de cento sesenta e tres mil setecentos setenta e nove euros con trinta céntimos (163.779,30 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da subministración mediante arrendamento, na modalidade de renting, de 137 vehículos todoterreo tipo pick-up para as brigadas de bombeiros forestais dos distritos, con labores de prevención e defensa contra incendios forestais, durante os anos 2026, 2027, 2028 e 2029, polo importe de licitación de seis millóns novecentos trinta e sete mil catrocentos setenta e catro euros con cincuenta céntimos (6.937.474,50 €), IVE incluído, e cun valor estimado (posibles prórrogas incluídas) de nove millóns cincocentos cincuenta e cinco mil setecentos cincuenta euros (9.555.750,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as iniciativas de apoio impulsadas polo Igape para a mellora das competencias directivas. Ano 2026.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia. 1º trimestre de 2026.
- Informe sobre a oferta de emprego público do ano 2026.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da obra "Senda peonil e ciclista na estrada PO-407 do Porriño", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de seiscentos nove mil oitocentos oitenta e tres euros con corenta e oito céntimos (609.883,48 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de situación e resultados (1992-2024) do Programa galego de detección precoz do cancro de mama (PGDPCM).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a contribución da Consellería do Mar á convocatoria de evidencias para a iniciativa "Visión 2040 para a pesca e a acuicultura".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA LARACHA DUN TREITO DA VÍA DE SERVIZO DA ESTRADA AC-523 CULLEREDO (A-6) – MEIRAMA

- Trátase do treito de algo máis de 600 metros de lonxitude situado na marxe esquerda deste vía, entre o punto quilométrico 5+738 e 6+382.
- Co cambio de titularidade, o concello coruñés terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello da Laracha do treito da vía de servizo da estrada AC-523 situado na súa marxe esquerda, entre o punto quilométrico 5+770 e 6+390 .

Trátase dun treito de vía de algo máis de 600 metros de lonxitude, que discorre integramente polo termo municipal da Laracha, sendo un elemento funcional da AC-523 de carácter secundario, cuxa función principal é dar servizo ás propiedades lindeiras, polo que carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito da vía de servizo desta estrada autonómica, conforme o solicitado polo Concello da Laracha.

A transferencia destas vías a prol do concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello da Laracha terá a competencia para actuar neste treito da vía de servizo da AC-523, e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento.

O Decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito cuxa titularidade se transfire:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL EP- 7102 QUE COMUNICA O SERRAPIO E A PORTELA

- Trátase do treito antigo de 138 metros lineais situado no punto quilométrico 1+250 (marxe dereita), e do treito antigo de 125 m situado no quilómetro 1+800 (marxe esquerda)
- O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*
- Correspóndelle ao concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdedo Cotobade de dous treitos da estrada provincial EP- 7102, que comunica os núcleos do Serrapio e A Portela.

Trátase concretamente do treito antigo de 138 metros lineais situado no punto quilométrico 1+250 (marxe dereita), e do treito antigo de 125 metros lineais situado no quilómetro 1+800 (marxe esquerda).

O Concello de Cerdedo Cotobade e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no cal estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes treitos antigos da EP- 7102.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Cerdedo Cotobade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Cerdedo Cotobade terá a competencia para actuar nestes treitos antigos da citada EP- 7102, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos antigos da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO DECRETO QUE ESTENDE O HORARIO DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA Á MAÑÁ DOS SÁBADOS PARA REFORZAR A CONTINUIDADE ASISTENCIAL NA ATENCIÓN PRIMARIA

- Explica que a apertura dos PAC os sábados pola mañá irá acompañada dun “incremento de 211 prazas ata 2028, das cales 100 serán de médicos, 80 de persoal de enfermaría e 31 de persoal de xestión e servizos”
- O investimento previsto pola Xunta no período 2026-2028 para a ampliación destas prazas é de 10,3 millóns de euros
- A modificación do decreto aprobado hoxe materializa a redución xeral e progresiva da xornada ordinaria adoptada mediante acordo do Consello da Xunta polo que se aproban “melloras retributivas e laborais para o persoal dos PAC, logo de chegar a un acordo cos sindicatos”
- O obxectivo desta medida é dotar de seguridade xurídica a atención sanitaria prestada os sábados pola mañá e ordenar a prestación como a xornada de atención continuada, como xa era de facto
- A medida vai acompañada dun programa de voluntariedade incentivada para a realización de gardas nos PAC, acordado na Mesa Sectorial de Sanidade do pasado 27 de marzo e cuxo acordo tamén foi aprobado hoxe polo Consello de Xunta
- O programa de voluntariedade leva apareladas importantes melloras retributivas na xornada complementaria para os profesionais: do 15,36 % para o persoal médico e do 22,62 % para a enfermaría, que percibirán desde a primeira hora complementaria
- Estas medidas vense reforzadas co acordo de mellora das condicións laborais e retributivas dos profesionais dos PAC acadado na Mesa Sectorial do pasado 15 de abril
- Tamén se suma ás melloras laborais e retributivas xa acordadas para o persoal dos PAC, entre as que destaca a consideración da noite do venres como prefestiva

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación por parte do Goberno galego da regulación que estende o horario de apertura e funcionamento dos puntos de atención continuada á mañá dos sábados para reforzar a continuidade asistencial na atención primaria. En consecuencia, “o horario de apertura e funcionamento dos PAC será, de luns a venres, desde as 15.00 horas ata as 8.00 horas do día seguinte, e as 24 horas do día, os sábados, domingos e festivos”, explicou.

Tal e como explicou Rueda, a apertura dos PAC na mañá dos sábados suporá un “incremento de 211 prazas ata 2028, das cales 100 serán de médicos, 80 de persoal de enfermaría e 31 de persoal de xestión e servizos”. O investimento previsto pola Xunta neste período para a ampliación destas prazas é de 10.310.076 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As prazas do presente ano xa foron orzadas neste exercicio por importe de 3.723.648 euros. O custo dos anos 2027 e 2028 será de 6.577.427 euros, dos cales 3.346.915 corresponden ao 2027 e 3.230.512 ao 2028.

Desas 211 prazas de incremento, 77 (36 de médico, 28 de enfermeiro e 13 prazas de PXS, corresponden ao presente ano), 69 no vindeiro ano (32 de médico, 26 de enfermeiro e 11 de PXS) e 65 no 2028 (32 de médico, 26 de enfermeiro e 7 de persoal de xestión e servizos).

A modificación do Decreto 172/1995 aprobado hoxe e polo cal se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias da comunidade, materializa a redución xeral e progresiva da xornada ordinaria adoptada mediante acordo do Consello da Xunta polo que se aproban "melloras retributivas e laborais para o persoal dos PAC, logo de chegar a un acordo cos sindicatos en mesa sectorial", apuntou.

Así, esta medida vai acompañada dun programa incentivado de voluntariedade para a realización de gardas nos PAC, acordado na Mesa Sectorial de Sanidade do pasado 27 de marzo. De feito, o Consello da Xunta de hoxe aprobou o procedemento para o exercicio das opcións de prestación de xornada complementaria nos puntos de atención continuada, que xa fora negociado cos representantes dos traballadores.

Este programa para incentivar que exista voluntariedade para a cobertura da asistencia nos PAC leva aparelado importantes melloras retributivas para os profesionais. En concreto, para o persoal facultativo, suporá un aumento progresivo, en dous anos, do 15,36 % nas retribucións por xornada complementaria e para o persoal de enfermaría estase a aplicar xa desde comezos de ano un aumento do 22,62 %. O obxectivo para ambos colectivos é unha redución progresiva de tramos ata que poidan percibir o importe incentivado desde a primeira hora de xornada complementaria. Para o caso do persoal de xestión e servizos, aplicarase o réxime previsto no acordo de concertación social e as retribucións mediante o concepto de quenda rotatoria complexa.

Esta medida súmase a melloras laborais e retributivas acordadas para o persoal dos PAC, entre as que destaca a consideración da noite do venres como prefestiva.

Redución da xornada ordinaria

Con esta reforma, materialízase a redución xeral e progresiva da xornada ordinaria adoptada mediante o acordo do Consello da Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no acordo da Mesa Sectorial do 20 de abril de 2023 e aplicable principalmente nos sábados pola mañá ao colectivo de persoal cunha quenda fixa de mañá ou de tarde ou asimilable, como é o caso dos traballadores sanitarios das unidades e servizos dos centros de saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, con esta medida outórgaselle na normativa vixente a consideración de continuada a unha atención sanitaria dos sábados pola mañá que na práctica, e con carácter xeral, xa ten esa natureza e resulta singular respecto á actividade realizada ordinariamente nos centros de saúde. O obxectivo final, polo tanto, é dotar de seguridade xurídica a atención sanitaria prestada os sábados pola mañá e ordenar a prestación como a xornada de atención continuada, que xa era de facto.

Ademais, estas medidas vense reforzadas co acordo de mellora das condicións laborais e retributivas dos profesionais dos PAC acadado na Mesa Sectorial do pasado 15 de abril.

En consecuencia, a Xunta garante a prestación en condicións óptimas da atención sanitaria de urxencia no nivel de atención primaria e, ademais, salvagarda os dereitos do persoal, en particular no que se refire ao réxime de xornada laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O DECRETO QUE INSTITUCIONALIZA O DIÁLOGO SOCIAL COMO MARCO CLAVE PARA TRATAR RETOS ESTRATÉXICOS DO MERCADO LABORAL

- A norma establece o funcionamento e composición da Mesa de Diálogo Social e regula este espazo do que forman parte o Executivo galego e os axentes sociais
- O conselleiro de Emprego resalta que o obxectivo “é consolidar esta ferramenta clave da negociación colectiva” e “adaptala ás novas realidades sociolaborais e económicas”
- O decreto tamén servirá para actualizar as mesas que compoñen este espazo de negociación –Mesa de Emprego e Mesa de Economía e Industria–
- A Xunta levará a esta Mesa de deseño dun plan integral para reducir o impacto do absentismo na actividade económica galega

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o decreto “que regula o diálogo social en Galicia”. En concreto, esta normativa vai “establecer a composición, organización e funcionamento da denominada Mesa de Diálogo Social de Galicia”, adscrita á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e da que forman parte o Goberno galego e os axentes sociais –organizacións sindicais e patronal–. Con el o Goberno galego institucionaliza o Diálogo Social establecendo unha norma reguladora do mesmo en Galicia.

Deste xeito, a través dun decreto que crea a Mesa de Diálogo Social de Galicia como o superior órgano de participación institucional permanente da nosa comunidade. “Queremos consolidar esta ferramenta clave da negociación colectiva”, indicou o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González.

Este paso realízase logo de anos de funcionamento do Diálogo Social en Galicia e tras consensualo cos axentes sociais. Así, o obxectivo desta norma –que se publicará en próximos días no *Diario Oficial de Galicia*– é “adaptar esta ferramenta as novas realidade sociolaborais e económicas”, indicou o conselleiro.

En concreto, a normativa reflicte as funcións e composición da Mesa de Diálogo Social, que consta de; Presidencia honorífica, Presidencia, Vicepresidencia, Vogalías e Secretaría, e o seu funcionamento a través do Pleno, da Comisión Delegada e das Mesas Sectoriais e Intersectoriais.

Neste sentido, tal e como indicou José González, o decreto tamén “servirá para actualizar a composición das mesas que compoñen o Diálogo Social” e nas que están representadas diferentes consellerías. Actualmente estas mesas son a Mesa de Emprego, que inclúe os grupos de traballo de Políticas activas de emprego e flexibilidade da formación, prevención de riscos laborais e absentismo laboral e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Igualdade laboral e a Mesa de Economía e Industria, cos grupos de traballo de Industria e enerxía, Naval e Automoción.

Absentismo e benestar laboral no Diálogo Social

Unha das funcións da Mesa de Diálogo Social é a realización de estudos e informes relativos as materias obxecto de debate neste espazo. Mostra disto e do compromiso da Xunta coa negociación colectiva é o traballo que realizará no seo do Diálogo Social en relación a cuestións como o absentismo e o benestar laboral.

Tendo en conta que este é un fenómeno que non atinxe só á administración autonómica, a Xunta analizará xunto cos axentes sociais as causas e consecuencias das baixas laborais, debullando esta mesma tarde as conclusións dun informe realizado por expertos das universidades galegas. A partir de aí, tal e como explicou o conselleiro, o Goberno galego levará a este espazo de negociación colectiva “o deseño dun plan integral para reducir o impacto do absentismo na actividade económica galega”, que partindo do máximo respecto aos dereitos das persoas traballadoras buscará solucións consensuadas coa parte social.

A folla de ruta trazada pola Xunta e que dialogará con sindicatos e patronal busca reducir as baixas que poidan ser evitables, reforzando a prevención de riscos laborais e o benestar laboral –cuestión que terá tamén un papel central na nova estratexia autonómica de RSE–, evitar prolongacións innecesarias das baixas introducindo melloras nos procesos de xestión e control e, tamén, loitar contra posibles abusos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A OFERTA DE OCIO E TURISMO DE VILARIÑO DE CONSO COA CONSTRUCIÓN DUNHA PISCINA MUNICIPAL NA CONTORNA DA PRAIA FLUVIAL DA FACEIRA

Turismo de Galicia investirá 225.000 euros para construír unha piscina municipal e unha edificación de apoio co obxectivo de impulsar as actividades veciñais neste espazo natural

O Consello da Xunta aprobou a sinatura do convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Vilariño de Conso para a construción dunha piscina municipal e unha edificación de apoio na contorna da praia fluvial da Faceira, co fin de reforzar a oferta de ocio e turística deste municipio ourensán. O orzamento total do proxecto ascende a 400.000 euros, dos cales a Xunta cubrirá 225.000 euros.

A iniciativa enmárcase na Estratexia de turismo de Galicia 2030, mantendo a aposta pola sustentabilidade integral e remarcando a importancia das actividades en contornas naturais. A través deste acordo, búscase xerar un espazo que permita tanto o gozo dos residentes do concello ourensán como a práctica do turismo activo e deportivo.

A obra levarase a cabo nunha parcela de titularidade municipal de aproximadamente 37.098 metros cadrados, situada na Faceira, na marxe esquerda do río Conselo e fronte á estrada municipal que comunica Vilariño de Conso e Soutelo.

O convenio inclúe, ademais da piscina, a habilitación dun espazo auxiliar destinado a ofrecer servizos á instalación, integrando unha área para os socorristas, unha zona de almacenamento para o mantemento da instalación e dous vestiarios divididos por sexos.

O obxectivo desta nova infraestrutura é complementar a oferta turística de Vilariño de Conso, aproveitando os recursos existentes e favorecendo a chegada de novos visitantes. Así mesmo, servirá como impulso para a economía local e favorecerá a consolidación do concello como destino de ecoturismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA A PROL DA ACCESIBILIDADE NOS ACTOS INSTITUCIONAIS

O convenio permite dotar de medios de interpretación as actividades institucionais que se realicen en todas as áreas do sector público autonómico

O Consello da Xunta deu o visto e praxe hoxe ao acordo coa Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg) ao convenio de colaboración para fomentar a accesibilidade das persoas xordas e xordocegas nas actividades institucionais que se leven a cabo neste 2026 dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas do sector público autonómico. A contía mantense en 5.000 euros, tras incrementarse o ano pasado de 2.500 a 5.000 euros debido á ampliación do ámbito de actuación a todo o sector público autonómico.

Deste xeito, a FAXPG facilitará os medios persoais necesarios para garantir o acceso do colectivo que representa á información facilitada nos eventos da Xunta. Comprométese ademais a difundir na súa páxina web todos os actos que encaixen neste marco de colaboración, a ofrecer accións formativas de lingua de signos a persoal da Administración autonómica e a dispoñer os medios persoais precisos en beneficio das persoas xordas e xordocegas para a celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Pola súa banda, o Goberno galego compensará os gastos derivados das actuacións enmarcadas no convenio e a vixencia da colaboración prolongase ata o remate deste ano.

A través desta iniciativa, a Xunta pretende contribuír á eliminación das barreiras de comunicación que lles impiden ás persoas xordas e xordocegas unha participación plena nos eventos institucionais garantindo así que cheguen en condicións de igualdade a todos os colectivos, así como facilitarlles o acceso a toda a información que se transmite nestes actos.

Trátase dunha colaboración que se prolonga desde hai anos co fin de facer accesibles todos os actos institucionais da Xunta e que se suma a outras centradas en diferentes ámbitos autonómicos como o acceso á xustiza ou aos servizos de emerxencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ADAPTADOS DIRIXIDA A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- A medida, dotada con 500.000 euros, ten como obxectivo facilitar a prestación de servizos a persoas dependentes ou con discapacidade
- Subvenciónase a adquisición de vehículos de emisión cero, tipo eco ou etiqueta C para fomentar a mudanza cara a modelos de transporte máis sustentables
- A iniciativa enmárcase no compromiso do Goberno galego para facilitarlle a mobilidade a toda a cidadanía e fomentar modelos de transporte sustentables

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da nova Orde para a concesión de axudas destinadas á adquisición de vehículos adaptados que faciliten a prestación de servizos a persoas dependentes ou con discapacidade por parte de entidades de iniciativa social de Galicia. A medida, dotada con 500.000 euros, subvenciona a adquisición de vehículos de emisión cero, tipo eco ou etiqueta C verde, adaptados a persoas con mobilidade reducida.

Deste xeito, os vehículos deberán contar coas adaptacións técnicas necesarias para garantir a accesibilidade, seguridade e comodidade das persoas usuarias, e deberán utilizarse para prestar o servizo de transporte escolar, asistencia a centros de día, a procedementos de rehabilitación ou servizos similares. O obxectivo da medida é permitirlles ás entidades de iniciativa social optimizar a capacidade de intervención, mellorar a cobertura e calidade dos servizos prestados, e favorecer a inclusión social, a autonomía persoal e a igualdade de oportunidades das persoas destinatarias.

Segundo se recolle na orde, poderán beneficiarse da medida as entidades do terceiro sector de acción social, tanto entidades e asociacións de ámbito local ou provincial como as federacións, confederacións, agrupacións, entidades e asociacións de ámbito autonómico.

A axuda concedida será do 100 % do investimento subvencionable, co límite máximo de 50.000 euros, e poderase aplicar a vehículos novos adquiridos e pagados desde o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026. O prazo de solicitude abrírase ao día seguinte da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta iniciativa enmárcase nun ámbito de actuación prioritario para a Xunta, orientado á mellora da mobilidade no eido dos servizos sociais, ao tempo que se fomenta unha mudanza cara a modelos de transporte máis sustentables desde o punto de vista ambiental. Contribúese así á redución do impacto sobre a contorna natural e á mellora da calidade de vida das persoas dependentes e con discapacidade, tanto a nivel individual como colectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outras medidas de apoio

A nova liña de axudas dirixida a entidades de iniciativa social súmase a outra similar activada de xeito específico para o sector do taxi. Neste último caso, o Goberno galego subvenciona a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida con contías de ata 10.000 euros. A medida facilitou na última convocatoria a compra de 31 vehículos.

A maiores, no marco do compromiso coa mobilidade das persoas con necesidades especiais, cómpre sinalar que a Xunta tamén facilita o transporte escolar adaptado ao alumnado de 17 entidades especializadas na atención á diversidade. Así, neste curso 2025/26 destina un orzamento superior a 1,9 millóns de euros á colaboración con entidades sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego para o desprazamento do alumnado con distintos tipos de discapacidade que, por exixencias de carácter académico, foi escolarizado en centros privados e noutras entidades públicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EXIXE AO ESTADO SUSPENDER A TRAMITACIÓN DA REFORMA DO REGULAMENTO DE COSTAS XA QUE INVADEN COMPETENCIAS EXCLUSIVAS DE GALICIA E VULNERA DEREITOS DOS TITULARES DE CONCESIÓN NO LITORAL

- O Consello tomou razón hoxe das alegacións presentadas polo Goberno autonómico no marco do proceso de información pública da modificación normativa impulsada de forma unilateral polo Estado
- Rueda lamenta que se propoñan cambios nas concesións que “comprometerían o futuro” de instalacións claves para a economía galega como “estaleiros, conserveiras ou establecementos de hostalaría”
- A reforma revogaría prórrogas sobre concesións xa outorgadas, denegaría peticións novas e aplicaría un réxime máis restritivo para poder operar na costa
- Alerta de que a acuicultura mariña sería un dos sectores máis prexudicados, xa que á hora de tramitar as correspondentes autorizacións para ocupar o dominio público se equiparan “bateas e outras instalacións acuícolas cos chiringuitos de praia”
- Os cambios propostos derivarían, ademais, nun aumento de recursos e litixios entre afectados e administracións ante as contradicións do novo regulamento coa Lei de costas aínda en vigor e mesmo no pagamento dunhas indemnizacións cuxos custos se pretenden trasladar ás comunidades autónomas
- Defende “preservar o litoral” á vez que se garante “unha vida económica ordenada xuridicamente” no mesmo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a Xunta vén de solicitar ao Goberno central “que suspenda de inmediato a reforma do Regulamento de Costas” porque “invade competencias exclusivas de Galicia e vulnera os dereitos dos titulares de concesións do litoral”. O Goberno autonómico lembra ademais que, nos termos actualmente previstos, este regulamento non se adecuaría ás exixencias da Comisión Europea nin ao propio Dereito comunitario e contradiría a normativa estatal.

Así se recolle no acordo do que tomou razón esta mañá o Consello da Xunta e no que se dá conta das alegacións conxuntas rexistradas polas Consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático e do Mar no marco do trámite de información pública do referido anteproxecto, cuxo prazo para facer observacións remataba o pasado 15 de abril. O presidente salientou que o Goberno central quere modificar o regulamento “de xeito unilateral e sen ningún tipo de consulta coas comunidades e os sectores afectados”.

O Executivo galego basea o seu rexeitamento na reforma do Regulamento de Costas en argumentos competenciais, xurídicos e tamén económicos. Así, entre as principais alegacións formuladas, destácase que o Goberno central pretende impoñer cambios nos procedementos de outorgamento e revogación dos títulos concesionais na costa aínda a pesar de tratarse dunha competencia que, tal e como recoñecen o Estatuto de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Autonomía e a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, corresponde en exclusiva á Administración autonómica.

Rueda resaltou que se trataría de cambios que poderían derivar no pagamento de indemnizacións para compensar os posibles afectados. Neste sentido, dado que a memoria do anteproxecto non prevé custos económicos para o Estado nin especifica quen se faría cargo destas indemnizacións, a Xunta interpreta que o que se pretende é trasladar ás comunidades autónomas os custos dunhas decisións adoptadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e facelo, ademais, sen ningún tipo de diálogo previo. "Podería darse o caso de que decisións tomadas de xeito unilateral polo Goberno central fosen indemnizadas polas comunidades con costa", indicou.

Esta situación suporía, ademais, un prexuízo directo para as empresas e persoas que exercen actualmente algún tipo de actividade económica na franxa costeira, dado que verán perigar o seu futuro e os investimentos realizados con base nun escenario que vai cambiar polo carácter retroactivo de moitas das medidas recollidas no anteproxecto. "A pretensión do Goberno é clara: limitar ao máximo a actividade no litoral. E isto compromete o futuro de instalacións claves para a economía galega como estaleiros, conserveiras ou establecementos de hostalaría", destacou o presidente.

En todo caso, e ademais da invasión competencial sinalada e do seu impacto sobre as actividades económicas ligadas ao mar en Galicia, o Goberno autonómico argumenta tamén nas súas alegacións que o novo regulamento xerará inseguridade xurídica na medida en que a súa redacción é contraditoria co articulado da propia Lei de costas aínda vixente. Recorda neste sentido que os regulamentos contrarios ás leis que desenvolven son nulos de pleno dereito e que, polo tanto, a modificación proposta xeraría un escenario de inestabilidade normativa e obrigaría a volver á situación anterior.

En concreto, explicaron que esta modificación, tal e como figura no propio texto do Goberno central, permitiría a anulación de prórrogas sobre concesións xa outorgadas, a denegación de prórrogas solicitadas e a aplicación, con carácter xeral, dun réxime máis restritivo ás novas concesións, ao tempo que se pretende eliminar tamén a figura das prórrogas extraordinarias recollida na Lei de costas.

Todas estas medidas que se van introducir por vía regulamentaria, que limitan ou mesmo contradín preceptos da propia normativa estatal avalados polo Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo, abrirán un novo escenario para as actividades económicas asentadas na costa, xerando inseguridade tanto para os titulares de concesións como para as administracións encargadas de aplicarlas e, por conseguinte, desencadeará un aumento dos recursos e litixios en defensa dos intereses dos afectados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O informe de alegacións da Xunta advirte así do risco de inseguridade xurídica e de conflictividade social que van implícitos nesta reforma polo impacto negativo que pode ter, entre outras cousas, a vulneración de dereitos adquiridos por parte dos titulares de concesións na costa galega, que é a máis extensa de todo o país —con 2.555 km— e concentra preto de 1,5 millóns de habitantes —máis da metade da poboación—.

Ademais, mentres o Goberno central xustifica os cambios propostos como unha solución ao procedemento de infracción iniciado en 2023 pola Comisión Europea contra España por incumprir a Directiva de servizos comunitaria nas concesións do litoral, o Goberno autonómico alega que esta solución proposta nunca suporía unha garantía de compatibilidade da lexislación española coa europea, dado que o que Bruxelas demanda é un cambio con rango de lei e non a reforma dun regulamento.

Afección á acuicultura

Ante este escenario, a Xunta leva meses advertindo que o futuro de moitas instalacións asentadas na franxa costeira. En particular e como exemplo especialmente preocupante nunha comunidade como a galega, as alegacións fan unha mención específica ao caso da acuicultura, un sector clave que suma 2.500 empresas e case 4.500 traballadores en Galicia e que podería resultar un dos máis prexudicados polos cambios propostos na tramitación das concesións que dan dereito a ocupar o dominio público.

Así, a decisión do Goberno central de aplicar a Directiva de servizos comunitaria a todas as actividades e sectores produtivos asentados no litoral, sen facer distincións, “suporía na práctica equiparar bateas, e outras instalacións acuícolas” “cos *chiringuitos* de praia” cando son actividades totalmente distintas e coas súas propias singularidades.

Por todos os motivos que se recollen nas alegacións e tendo en conta a falta de diálogo que caracterizou desde o principio a elaboración do anteproxecto de reforma do Regulamento Xeral de Costas, a Xunta aproveitou o trámite de información pública para reclamar ao Ministerio, unha vez máis, que convoque unha conferencia sectorial con presenza de todas as comunidades con competencias exclusivas sobre a xestión do litoral.

O obxectivo deste encontro sería promover e consensuar un cambio lexislativo —en lugar de regulamentario— que sexa proporcionado, adecuado e axustado ao ordenamento xurídico vixente de xeito que se poida adoptar unha solución estable e con plenas garantías ante o expediente aberto pola UE, que reclama seguridade xurídica e unha garantía de compatibilidade da Lei de costas española coa Directiva de servizos europea. “Somos os primeiros interesados en preservar o noso litoral, pero tamén en que haxa vida económica, ordenada xuridicamente e con seguridade neste litoral”, indicou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRIPLICA O ORZAMENTO PARA DAR O PULO DEFINITIVO Á INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN APLICADA NA FP E ALIÑALA COS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA I+G+I GALEGA

- O Consello da Xunta aproba o novo Plan Innova FP Galicia 26-30, con 30 M€ e 27 medidas para fortalecer o papel estratéxico destas ensinanzas neste eido
- Crearase a Rede de centros de innovación avanzada na FP, que favorecerá a transferencia aos sectores produtivos, e aprobarase o decreto de patentes
- Ofertaranse unha ducia de ciclos de innovación avanzada en colaboración con empresas, entidades, universidades e centros tecnolóxicos e outras tantas cátedras
- Haberá 12 polos tecnolóxicos e 50 espazos de tecnoloxía avanzada nos centros e desenvolveranse 60 nodos de innovación para xerar empresas de base tecnolóxica
- Impulsarase un sistema híbrido integral, combinando as tecnoloxías máis punteiras co saber tradicional da FP para formar profesionais da máis alta cualificación
- Habilitarase unha plataforma de experiencias prácticas e de simulación, ademais de avanzar na orientación profesional a través da intelixencia artificial
- Potenciarase o papel do Centro Galego da Innovación da FP Eduardo Barreiros, con sede en Ourense, como eixo e apoio de todas as accións nesta materia

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo Plan Innova FP Galicia 26-30 que contará cun orzamento de case 30 M€ para dar o pulo definitivo á innovación e investigación aplicada nestas ensinanzas e aliñalas cos obxectivos estratéxicos da I+G+i galega. O investimento previsto para o desenvolvemento desta folla de ruta supón multiplicar por 3,5 o orzamento do plan anterior, que abrangueu o período 2023-25.

Ao abeiro deste plan fortalecerase o papel estratéxico da Formación profesional galega na I+D+i, entroncando o seu traballo cos obxectivos estratéxicos do Plan de investigación e innovación de Galicia 25-27. De xeito paralelo, promoverase a transferencia aos sectores produtivos e a explotación dos resultados da innovación desenvolvida no ámbito da FP galega, favorecendo os proxectos de base tecnolóxica.

Tamén se impulsará un sistema híbrido integral de aprendizaxe que combine as posibilidades das tecnoloxías disruptivas co saber tradicional da FP para formar profesionais da máis alta cualificación, favorecendo a igualdade de oportunidades e a visualización do talento. Tamén se intensificará a capacitación do profesorado en materia de innovación, incorporando a figura do profesorado investigador que foi aprobada recentemente no novo decreto de ordenación da FP. De forma transversal avanzarase en dinámicas que favorezan o desenvolvemento rural e a sustentabilidade.

Rede de centros de innovación avanzada

O plan conta con 27 medidas, distribuídas en catro bloques de actuación. O primeiro deles céntrase no impulso ao papel da FP na I+D+i, que ten como medida principal a creación da Rede de centros de innovación avanzada na FP galega. Esta nova rede centrarase en 12 ámbitos prioritarios de especialización da Comunidade, acorde ao Plan de I+D+i de Galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

25-27. Serán a biotecnoloxía (economía do mar e *biotech* farmacéutico), a química-bioquímica, a saúde e benestar, as tecnoloxías limpas (sustentabilidade enerxética), a comunicación e intelixencia avanzada (TIC e audiovisuais), a edificación sustentable, a aeronáutica e industrias aeroespaciais, o metal (automoción/naval/transporte), o forestal-madeira, a cadea mar-industria, o sector agroalimentario e a hostalaría e turismo.

No marco desta rede crearanse unha ducia de ciclos de innovación avanzada en colaboración con empresas, entidades, universidades e centros tecnolóxicos, un por cada unha das devanditas áreas, e outras tantas cátedras profesionais de tecnoloxía avanzada, impulsando así o coñecemento e a especialización en tecnoloxías punteiras. Tamén se establecerán campus de innovación centrados nestes ámbitos, favorecendo a implantación de observatorios tecnolóxicos en diferentes sectores.

Así mesmo, poranse en marcha 12 polos tecnolóxicos que impulsen dinámicas de traballo colaborativo entre os distintos axentes dun mesmo sector e 50 espazos de tecnoloxía avanzada. Estes últimos supoñen un paso máis na actual rede de 115 de espazos de tecnoloxía aplicada que hai a día de hoxe nos centros de FP. Cómpre salientar que no período de implantación do plan anterior se multiplicaron por catro as aulas deste tipo, ata as 115 actuais, cun investimento superior aos 4,8 M€.

Todas estas medidas darán lugar ao desenvolvemento dun novo modelo de centro no que a I+D+i pase a ser un eixe central de todo o proceso ensino-aprendizaxe, co apoio do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, situado en Ourense, que tamén verá reforzada a súa área de innovación aplicada para incrementar o número de proxectos desenvolvidos en resposta ás necesidades do tecido produtivo.

Transferencia e explotación de resultados

O impulso á innovación aplicada na FP galega potenciado desde 2023 permitiu desde entón desenvolver proxectos de innovación por parte do profesorado e do alumnado de FP, de gran valor engadido e cun gran potencial de transferencia ao sector produtivo, polo que agora é preciso implantar sistemas para a protección e a explotación destes resultados, así como a súa visualización e posta en valor.

Nesta liña a medida prioritaria será a aprobación e desenvolvemento do decreto polo que se regulará a protección, explotación e transferencia da propiedade industrial e intelectual no ámbito da FP galega. Cómpre lembrar que xa se rexistrou a primeira patente, o proxecto NetClean do Centro Integrado de FP Valentín Paz Andrade (Vigo), xurdida dun proxecto desenvolvido no marco do programa InnovaTech FP. Esta patente foi recoñecida como a patente con maior proxección nacional no ano 2025 na cuarta edición dos Premios Nacionais de Transferencia de Coñecemento IPfest.

Este bloque de actuacións inclúe a posta en marcha de 60 nodos de innovación para crear contornas tecnolóxicas que favorezan a creación de empresas de base tecnolóxica e que estarán apoiados desde o Eduardo Barreiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, potenciarase o programa InnovaTech FP, impulsando a participación de alumnado de todas as familias profesionais e a explotación dos resultados acadados, así como a convocatoria de premios a proxectos de innovación desenvolvidos polos centros de FP. No plan 23/25 recoñecéronse 126 proxectos de innovación cun investimento de máis 2,8 M€ e no novo plan agárdase galardoar outras 200 iniciativas máis.

Este labor excelente difundirase a través de diferentes eventos como a Feira FP Innova e o Congreso de Innovación da FP, que celebrarán esta semana unha nova edición, apostando por consolidalos como punto de encontro nacional e internacional.

Tecnoloxías disruptivas

O mercado laboral está en continuo cambio pola irrupción das tecnoloxías disruptivas, polo que é preciso que a FP estea á vangarda para dar ao alumnado a mellor capacitación. A Xunta fará fincapé en poñelas á disposición de alumnos e docentes, a través de iniciativas como Metaverso FP, un hub de ferramentas de realidade estendida con plataformas de adestramento en contornas virtuais; ou o desenvolvemento de aplicacións de intelixencia artificial que melloren a orientación, o emprendemento e a internacionalización e novas funcionalidades para as xa existentes, como Vetinen ou OPI Orienta.

Ademais, poranse en marcha novas iniciativas en materia de ciberseguridade, como o laboratorio CiberLabFP, orientado á formación, experimentación e innovación no ámbito da ciberseguridade aplicada a contornos híbridos de tecnoloxías da información de operación ou o despregamento de oferta formativa especializada neste eido por toda a xeografía galega. De xeito complementario lanzarase o Desafío Ciber FP, unha competición para fomentar a aprendizaxe práctica mediante retos técnicos reais.

Tamén en liña cos obxectivos prioritarios da I+G+i galega, darase pulo ao coñecemento e uso da computación cuántica e *big data* na FP, organizando actividades centradas neste ámbito e establecendo colaboracións don empresas e entidades do eido.

Sistema híbrido

O plan impulsará a implementación dun sistema híbrido integral na FP galega que permita a combinación das tecnoloxías máis punteiras que favorezan o uso de contornas actuais co saber tradicional. Avanzando sobre as medidas do bloque anterior, impulsarase a transformación metodolóxica e tecnolóxica da aprendizaxe, a orientación profesional baseada na IA e a planificación educativa baseada en datos.

Esta actuación, cuxo desenvolvemento se apoiará no Centro Eduardo Barreiros, centrarase na creación dunha plataforma integral con tres programas prioritarios. Por unha banda, Capaclta FP, unha ferramenta para a xeración automática de experiencias prácticas, adaptativas e personalizadas dirixidas á formación en tecnoloxías emerxentes. Por outra, SimuLab FP, un sistema de simulación avanzada, intelixente e personalizable que permita a práctica en contornas realistas e inmersivas, adaptadas as especialidades e nivel formativo. A maiores, OrientIA FP, un sistema intelixente de orientación profesional e planificación educativa, que permita a recomendación de itinerarios personalizados que adapte a oferta de FP ás necesidades do mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Balance

O Plan Innova FP Galicia 23-25 supuxo un punto de inflexión na innovación e a investigación aplicada na FP galega, acadando fitos como o rexistro da primeira patente, o incremento dos espazos de tecnoloxía aplicada e dos proxectos de innovación ou habilitación de ferramentas de intelixencia artificial como Vetinen ou OPI Orienta. O traballo veuse reflectido no incremento da presenza galega na rede de centros de excelencia estatais, con seis centros en total. Tamén medraron neste período os centros integrados de FP, con catro máis, ata chegar a un total de 28.

Ademais, é xa un referente o certame InnovaTech FP, programa innovador e pioneiro que ten como obxectivo principal impulsar a innovación tecnolóxica e o emprendemento industrial, fomentando a creación de empresas de base tecnolóxica entre o alumnado de Formación Profesional da nosa Comunidade. Nas tres edicións do programa participaron máis de 2.500 alumnos, 639 equipos, 607 docentes e 28 empresas.

Todo este labor ten como eixe de apoio o Centro Eduardo Barreiros, cuxo labor nos seus tres anos de andaina é recoñecido a nivel autonómico e nacional como catalizador de proxectos de innovación e na formación de alta especialización do profesorado de FP.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME O PRIMEIRO CENTRO DE ACOLLIDA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON PROBLEMAS DE ADICCIÓN

Destinaranse preto dun millón de euros a este novo recurso, que pasará a formar parte da Rede galega de acollemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home para a creación en Galicia do primeiro centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción. O orzamento deste acordo é de 960.023,79 euros, que a devandita fundación investirá en reformar e equipar un inmovible da súa titularidade situado no concello de Santiago de Compostela para albergar este recurso.

Neste centro ofrecerase unha atención integral ás vítimas co obxectivo de axudalas a recuperar a súa autonomía persoal e garantíndolles un espazo seguro e de protección tanto a elas como aos seus fillos e fillas. Hai que ter en conta que estas mulleres son especialmente vulnerables, polo maltrato que sufriron e pola súa adicción ao alcohol ou outras substancias. Por iso, precisan dunha atención especializada centrada, nunha primeira fase, no control e superación das adiccións, para así poder atallar, nunha fase posterior, as secuelas derivadas da situación de violencia que padeceron e preparar a súa reincorporación á vida autónoma.

Este novo recurso ampliará a Rede galega de acollemento, que na actualidade está formada por oito centros e ofrece máis de 80 prazas. Estes equipamentos están situados na Coruña, Ferrol, Lugo, Vigo, Ourense, Burela e Chantada, aos cales hai que sumar o Centro de Recuperación Integral de Santiago, que actúa como centro coordinador.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA INICIALMENTE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO EN SANTIAGO PARA 3.609 VIVENDAS

- Trátase do sétimo dos doce PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial
- Unha vez aprobado, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e iniciarase un período de información pública para a presentación de alegacións por un prazo de 15 días naturais
- A previsión é licitar a obra de urbanización no 2027
- Na actualidade están en tramitación nove proxectos de interese autonómico para a urbanización de solo para vivendas, das cales máis do 80 % serán protexidas, e licitada a redacción doutros dous (Marín e O Porriño) e iniciáronse os trámites do de Ribadeo
- No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe inicialmente o proxecto de interese autonómico (PIA) para desenvolver solo no ámbito SUD1 "Mallou", en Santiago de Compostela, onde se prevén 3.609 vivendas, maioritariamente protexidas. Trátase do sétimo PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial, no marco da Estratexia galega de solo residencial que está a levar a cabo o Goberno galego. O primeiro en acadar a aprobación inicial foi o PIA do Sagrado Corazón, en Lugo, e despois o do Ofimático-Lavadores, en Vigo, o da Baiuca, en Arteixo, o do Escorial-Vinteún, en Ourense, o de San Mauro, en Pontevedra e o de Monte Mero, na Coruña.

O ámbito do PIA abrangue 519.935 m² e está situado no lugar de Mallou, na zona norte da cidade de Santiago de Compostela. Os terreos do sector comprenden a cunca alta do Río Sar (Rego de Mallou) e sitúanse a unha altitude media de 300 metros.

O ámbito ordenado estrutúrase en 5 grandes cuarteiróns separados por unha rede viaria estruturante. Dentro de cada un deles ordénanse cuarteiróns menores onde se localizan as zonas para vivendas, equipamentos públicos, zonas verdes e unha rede viaria de servizo ou acceso.

A proposta de ordenación prevé un número aproximado de 3.609 vivendas, (das cales o 80 % serán protexidas) integradas, na súa maioría, en bloques de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, con alturas que oscilan entre B+1 e B+9+BC.

O número de prazas de aparcadoiro previstas é de 3.558. Os equipamentos sitúanse maiormente en posición periférica ao sector para facilitar o acceso, ademais, á poboación do contorno.

Estratexia galega de solo residencial

No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das cales 20.000 serán protexidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego ten en marcha doce proxectos de interese autonómico en once concellos.

Así, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, e licitada a redacción dos de Marín e O Porriño. Ademais, iniciouse a tramitación para abordar outro novo PIA, o décimo segundo, no concello de Ribadeo, onde se prevé desenvolver solo para 300 vivendas.

Contan xa con informe ambiental estratéxico os PIA da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-Vinteún), Vigo (Ofimático), Arteixo (A Baiuca-Penouqueira) e Pontevedra (San Mauro) e Santiago de Compostela (SUD 1 Mallou).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 433.000€ A NOVE BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE GALEGO EN UNIVERSIDADES DE ESPAÑA, PORTUGAL, BRASIL, ITALIA E CROACIA

- O Consello dá luz verde a esta convocatoria no marco do compromiso do Goberno autonómico coa proxección exterior da lingua e a inserción no mundo laboral
- A experiencia abrangue actividades relacionadas coa docencia, coa difusión e coa promoción do idioma, a cultura e a literatura galegas, entre outras
- O prazo de solicitudes abrirase unha vez que se faga a publicación no *Diario de Oficial de Galicia*, prevista para mediados de maio

A Xunta de Galicia porá en marcha nove bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en distintas universidades de España, Portugal, Brasil, Italia e Croacia, tres máis que no 2025. Así se acordou no consello, onde se lle deu luz verde a unha nova convocatoria para a que se destinan 433.353€ no marco do compromiso do Goberno autonómico coa proxección exterior da lingua e coa inserción no mundo laboral.

Trátase dun programa con que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ofrece aos titulados universitarios, que cumpran cos requisitos da convocatoria, a posibilidade de incorporarse aos centros de estudos galegos co fin de completar a súa formación e de se situar nunha mellor posición de cara a dar o paso ao mundo profesional. Ademais, isto vai en consonancia co obxectivo de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas cales xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras institucións académicas de interese estratéxico, en liña coa folla de ruta marcada no Pacto pola lingua.

Así, este ano, as persoas que resulten adxudicatarias desenvolverán a formación a través dos centros de estudos galegos localizados na Universidade do Algarve e na Universidade Nova de Lisboa, en Portugal; na Universidade do Estado do Río de Janeiro e na Universidade de Sao Paulo, en Brasil; na Universitat Autònoma de Barcelona, na Universitat de Barcelona e na Universidad de Extremadura, en España; na Università degli Studi di Padova, en Italia, e na Sveučilište u Zadru, en Croacia.

Neste senso, a experiencia, con tres anos de duración e cun marcado carácter práctico, está conformada por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, abrangendo non só o ámbito universitario, tamén a súa área de influencia.

Na convocatoria poderán participar as persoas que estean en posesión dalgunhas das titulacións de filoloxía galega e filoloxía románica, os graos en Lingua e Literatura Galegas, Estudos de Galego e Español, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Filoloxía Aplicada Galega e Española e Estudos Lingüísticos e Literarios en Galego e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Portugués. Tamén se poderá presentar quen estea en posesión dalgunha das titulacións da área de Humanidades ou da área de Ciencias Sociais e Xurídicas ou os lectores que, antes de rematar o período máximo de estadía, se visen obrigados a cesar por causas alleas á súa vontade.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Xunta no prazo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para mediados de maio.

Estudos de galego en universidades do mundo

Neste contexto, cómpre destacar que actualmente o galego é obxecto de estudo en 41 universidades, nove delas en España, con 407 alumnos distribuídos entre Barcelona, Madrid, Vitoria, Bilbao, Alacante, Estremadura e Granada. Outros 1.000 estudantes están vencellados aos lectorados de 22 institucións académicas localizadas en Europa (Alemaña, Austria, Croacia, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Suíza), aos 8 que se desenvolven en América (Arxentina, Brasil, Cuba, Estados Unidos) e aos recentemente creados nunha universidade da India e noutra de Mozambique.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA 10 NOVAS CREAMIÓNS DE DANZA CONTEMPORÁNEA E ARTES VIVAS EN COLABORACIÓN CO PROGRAMA 'RESIDENCIAS PARAÍSO'

- O Consello autoriza a sinatura dun convenio co Colectivo RPM para financiar con 30.000 euros a décima edición destas estadias artísticas
- Incrementáanse ata 10 o número de proxectos seleccionados de Galicia, do resto de España e de Portugal entre o total de 209 recibidos pola organización
- O Salón Teatro, a Cidade da Cultura de Galicia e as instalacións da illa de San Simón serán algunhas das sedes de acollida

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa asociación cultural Colectivo RPM para continuar co financiamento por parte do Goberno galego de *Residencias Paraíso*, programa de estadias artísticas dirixido a impulsar a investigación e a creación na danza e as artes vivas a través do impulso a 10 novos proxectos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantense deste xeito como principal entidade colaboradora desde a posta en marcha desta iniciativa en 2017 e achégalle para a súa organización 30.000 euros, a mesma cantidade que en 2025.

A convocatoria da organización recibiu este ano un total de 209 proxectos, a cifra máis elevada da súa historia, entre os que seleccionaron 10 propostas, dúas máis que nas edicións precedentes, que traballarán nas distintas sedes residenciais entre maio e outubro deste ano. A Cidade da Cultura de Galicia e o Salón Teatro, en Santiago de Compostela, súmanse tamén un ano máis como espazos receptores, xunto coas instalacións da illa de San Simón, na ría de Vigo, onde se desenvolverá un encontro conxunto do 18 ao 20 de setembro.

Actividade nas catro provincias

Así, os galegos Álvaro Corral Cid & Gabi Reboredo mergullaranse nun proceso de creación titulado *Asoballada por fentos* no Pazo da Cultura de Carballo. No Vello Cárcere de Lugo terán lugar dous proxectos: a arquitecta e coreógrafa madrileña Blanca Gómez Terán investigará sobre *Como cuando el pelo se eriza* e o músico e o artista performativo asturiano Óscar Bueno desenvolverá *La excitación del paisaje: La roca blanda / Parte II – La conferencia montañera*. Na residencia combinada entre La Fábrica (Oleiros) e Espazo RPM (A Coruña), o bailarín e coreógrafo canario Darío Bardam afondará na creación de *Phantom*.

Na residencia en Artisteia (Ponteareas), o colectivo galego-navarro Disiden.Cia, formado polas bailarinas e coreógrafas Martina Los Arcos e Marcia Vázquez, traballará na peza *Botar de menos o futuro*. O bailarín e coreógrafo galego Fran Martínez desenvolverá o proxecto *Transfixión* nunha residencia situada no Convento de Santa Clara, no marco da Bienal de Artes Vivas de Pontevedra. Na estadia na Casa da Cultura de Vimianzo, complementada cunha residencia técnica no Pazo da Cultura de Narón, estará o bailarín e creador galego Jandross Rodríguez, que traballará no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proxecto *Suksen*. Pola súa banda, o artista brasileiro–portugués Pedro Vilela investigará no proceso de creación de *Zombies* na Igrexa da Madalena, no marco da colaboración coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Finalmente, a residencia combinada entre a Cidade da Cultura e o Salón Teatro-Centro Dramático Galego acollerá dous proxectos. Por unha parte, o equipo multidisciplinar formado pola compositora BFlecha, o produtor musical Mwëslee, a cineasta Diana Toucedo e os artistas performativos Federico Vladimir & Pablo Lilienfeld, desenvolverá o proxecto *Stratos (La piedra siempre estuvo allí)*. Por outra, os investigadores e artistas galegos Sara Somoza & Ismael Eirexas Romeü traballarán sobre *Monxa Millo Sentinela*.

O financiamento por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, insírese na continuidade da execución dos obxectivos estratéxicos do Plan Integral para a Danza de Galicia, que establece como prioritario o incremento e a diversificación dos programas de residencias artísticas en Galicia. Nesta mesma liña, mantéñense vías de colaboración con outras iniciativas que facilitan este tipo de estadias, como Atopémonos Bailando, Festival Abanea ou Da Man.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ O RETORNO CON TRABALLO DE 200 PERSOAS GALEGAS DO EXTERIOR DENTRO DO MODELO PROPIO DE ATRACCIÓN DE TALENTO CONECTADO CO TECIDO LABORAL

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe a nova edición do Retorna Cualifica Emprego, enmarcado na Estratexia Galicia Retorna e que favorece o regreso de galegos e galegas da diáspora e a cobertura de vacantes por parte de empresas
- Este programa xa permitiu que 400 galegos e galegas cunha idade media de 35 anos regresasen desde 21 países diferentes, acompañados moitos deles por familiares – en total, outras 160 persoas–, e que traballan en 60 concellos de toda Galicia
- Inclúe a oferta da formación necesaria ás persoas seleccionadas para a cualificación profesional precisa no posto de traballo que ocuparán así como apoios para facilitar a súa instalación en Galicia, entre eles os destinados ao alugueiro de vivenda
- Como novidade, refórzase o período de prospección e acompañamento para obter resultados axustados a cada territorio, detectando as necesidades de man de obra e afinando a selección en orixe das persoas interesadas nas vacantes ofertadas
- O modelo autonómico para sumar talento inclúe outras accións como as feiras de emprego das cales este ano se celebrará unha nova edición o 6 e o 8 de xuño no Brasil

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria deste ano do programa Retorna Cualifica Emprego coa que se procurará que 200 persoas galegas residentes no estranxeiro poidan regresar a Galicia a desenvolver a súa vida e a súa traxectoria profesional. A ela o Goberno galego destina 2,3 M€ –a distribuír nas anualidades 2026 e 2027– e deste xeito avala a traxectoria desta iniciativa, que nas súas dúas edicións anteriores permitiu o retorno de preto de 400 galegos procedentes de 21 países e acompañados moitos deles pola súa familia. En total, retornaron con máis de 160 persoas acompañantes e en 60 concellos hai empresas con traballadores retornados a través deste programa, o que evidencia a súa dimensión social e de integración.

En concreto, este programa enmarcado na Estratexia Galicia Retorna e no modelo propio da comunidade para atraer talento dun xeito ordenado e planificado está destinado ás persoas galegas que emigraron ou aos seus descendentes e que sexan menores de 55 anos favorecéndolle a volta á Comunidade galega con traballos ofertados en orixe da man das empresas que poderán ofertar as súas vacantes no [portal do programa](#). Para iso, inclúe a oferta da formación necesaria ás persoas seleccionadas para a cualificación profesional precisa no posto de traballo que van ocupar, así como apoios para facilitar a súa instalación en Galicia. Entre eles os destinados ao alugueiro de vivenda, que se incorporaron na convocatoria do ano pasado.

Como novidade, destaca o aumento dos 11 aos 16 meses do período de prospección e selección, o que permitirá aos beneficiarios contar con máis tempo de acompañamento polas entidades que xestionen o programa e para recadar a documentación que precisen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta convocatoria, que se publicará en vindeiros días no DOG, regúlase a xestión do programa mediante a selección de entidades que reúnan os requisitos exixidos para desenvolver o programa. Búscanse resultados vinculados a cada territorio detectando as empresas que demanden man de obra e seleccionando persoas candidatas que respondan aos perfís que solicita o tecido empresarial. Isto acompáñase dunha atención integral que facilita a toma de decisións tanto ao tecido produtivo interesado en poder cubrir vacantes como ás persoas con vontade de aceptar esas ofertas.

Máis detalles das edicións anteriores

Esta 3º edición do Retorna Cualifica Emprego súmase aos resultados das dúas anteriores. As preto de 400 persoas beneficiarias teñen unha idade media de 35 anos e entre os seus países de procedencia están Arxentina, Uruguai, Cuba, Venezuela, Brasil, Colombia, México, Reino Unido, Alemaña ou Suíza. As súas ocupacións abranguen sectores como a hostalaría, a industria e construción, o comercio e servizos ou o agrogandeiro. En concreto, en 2025 preto de 220 empresas ofertaron ou manifestaron o seu interese por cubrir vacantes, implicando deste xeito máis de 90 concellos no seu conxunto.

Modelo propio de atracción de talento

O modelo galego de atracción de talento de que forma parte este programa baséase nunha inmigración controlada, segura e eficaz, vinculada á demanda das empresas e priorizando a integración. Con ese fin, está enfocado en primeiro termo no retorno das persoas galegas do exterior a través da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, con que se prevé superar o obxectivo de 30.000 persoas retornadas nese período tendo en conta que no 2023 e 2024 retornaron arredor de 17.000 —máis de 8.400 en cada anualidade—, unha tendencia que se prevé consolidar nos datos de 2025. Nun segundo eixe está a captación ordenada de talento procedente de terceiros países, onde, entre outros aspectos, é prioritaria a axilidade por parte do Executivo no traspaso das competencias das autorizacións iniciais de traballo das persoas estranxeiras que solicitou a Xunta.

Fronte a improvisación do Goberno —manifestada en cuestións coma a regularización de persoas en situación irregular, deseñada sen escoitar as CCAA—, Galicia defende este modelo propio. Unha folla de ruta que tamén abarca outras actuacións como as feiras de emprego, celebradas o ano pasado por primeira vez na Arxentina e no Uruguai, ás cales asistiron máis de 3.500 persoas e nas cales participaron 5 clústeres e unha vintena de empresas de sectores estratéxicos. Tras este éxito, este ano repetirase no Brasil. En concreto, o 6 de xuño en São Paulo e o 8 de xuño en Salvador de Bahía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN CONVENIO CO LIGAL PARA REFORZAR A SEGURIDADE ALIMENTARIA E A CALIDADE DO LEITE GALEGO

- Estará vixente ata o ano 2028 e conta cun orzamento de preto de 164.000 euros, segundo se recolle no proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta
- A colaboración consiste na monitorización de aflatoxinas, substancias producidas polo fungo *aspergillus flavus* que poden chegar a existir nalgúns pensos; así como de residuos medicamentosos presentes no leite producido en Galicia
- Na actualidade o sector lácteo atópase ante un contexto complexo por mor da baixada do prezo por parte das industrias, polo que Medio Rural reforzou os controis nos contratos e a vixilancia sobre a trazabilidade, e remitirá calquera irregularidade á Comisión Galega de Competencia

A Consellería do Medio Rural está a impulsar un convenio de colaboración co Laboratorio Interprofesional de Análise do Leite de Galicia (Ligal) para reforzar a seguridade alimentaria e a calidade do leite galego. O devandito convenio estará vixente ata o ano 2028 e conta cun orzamento total de 164.000 euros, segundo se recolle no proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta.

A través desta nova iniciativa vaise monitorizar a presenza de aflatoxinas e residuos medicamentosos no leite que se produce na nosa comunidade. As aflatoxinas son substancias producidas polo fungo *aspergillus flavus* que poden chegar a existir nalgúns pensos; así como nas materias primas que se utilizan para elaboralos. É importante sinalar que existe un límite máximo de presenza de aflatoxinas do leite pero, no caso de detectarse niveis superiores aos permitidos, non pode comercializarse.

Cando un animal consume alimentos nos que está presente esta substancia, metabolízana e, como consecuencia, é excretada no leite que produce.. O proceso de seguimento para reforzar este control levarase a cabo aproveitando o sistema de recollida de mostras refrixeradas implementado xa no Ligal.

Cómpre lembrar que Galicia é a primeira produtora nacional de leite de vaca, unha produción cun importante impacto na economía que, ademais, contribúe a xerar emprego e a manter a poboación rural. Así, o Goberno autonómico, nun esforzo de mellora continuada para acadar os máis altos estándares de calidade e seguridade alimentaria, opta por fortalecer a prevención fronte a riscos emerxentes, independentemente do alto grao de control actual.

Situación actual do sector lácteo

Este convenio enmárcase dentro do compromiso da Xunta de Galicia por manter a posición de Galicia como un referente no sector lácteo. Na actualidade este eido está a vivir unha situación complexa por mor da baixada do prezo en orixe. Como resposta a este escenario, a Consellería do Medio Rural está a revisar todos os novos contratos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para certificar que non hai incumprimentos e así protexer aos produtores. De xeito complementario, intensificáronse os controis para vixiar a trazabilidade e a etiquetaxe do leite ante a entrada de cisternas doutros países da Unión Europea.

Calquera indicio de irregularidade que se detecte remitirase á Comisión Galega de Competencia e, de ser necesario, ás autoridades nacionais deste mesmo ámbito. Tamén se ten solicitado colaboración por parte da Axencia de Información e Control Alimentarios, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Neste contexto, séguese a esixir ao Goberno central implicación neste asunto. Do mesmo xeito, demándaselle contundencia, asegurando o cumprimento da Lei da cadea alimentaria e a mellora desta norma. De xeito máis concreto, solicítase a necesidade de modificación da Lei da cadea alimentaria para que estableza un sistema de cálculo dos custos de produción e mellore a súa eficacia coa publicación dun índice trimestral; ademais de actualizar o Paquete Lácteo para garantir que os produtores cubran os seus custos de produción no caso de acumular máis de tres meses consecutivos de perdas e que poidan rexeitar ofertas por razóns de prezo. Demándase tamén establecer a prórroga automática dos contratos en ausencia de acordo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATARÁ 137 NOVOS VEHÍCULOS TODO TERREO POR CASE 7 M€ PARA O PERSOAL DE INCENDIOS FORESTAIS

- O Consello do Goberno galego deu hoxe o visto e praxe a esta subministración, mediante arrendamento na modalidade de *renting* para os efectivos que neste 2026 traballarán ao longo de nove meses
- Os vehículos, todos eles con caixa redutora e tracción 4 x 4, terán dobre cabina, con cinco prazas de capacidade; disporán dunha potencia mínima de 150 cabalos e contarán cunha pre-instalación para equipamentos emisores-receptores de radio dixital homologados
- Estes novos equipamentos súmanse aos preto de 140 con que xa se conta na actualidade

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo á contratación, mediante arrendamento na modalidade de *renting*, da subministración dun total de 137 novos vehículos todo terreo tipo *pick-up* para o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (SPIF). Estes medios van destinados ao persoal fixo-descontinuo de nove meses das brigadas de bombeiros forestais dos distritos, que levan a cabo labores de prevención e defensa, durante os anos 2026, 2027, 2028 e 2029. Aínda así, recolle unha prórroga ata 2031.

O orzamento do contrato é de 6.937.474,50 euros, IVE incluído. A actuación será financiada no seu 100 % con fondos propios da Consellería do Medio Rural. Estes novos equipamentos súmanse aos preto de 140 con que xa se conta na actualidade, e serán empregados polos efectivos que neste 2026 traballarán por primeira vez ao longo de 9 meses, como resultado dun proceso de estabilización laboral nos últimos anos.

Os vehículos que se van alugar terán dobre cabina, con cinco prazas de capacidade. Disporán dunha potencia mínima de 150 cabalos e contarán cunha cilindrada mínima de 1.898 centímetros cúbicos. Terán, ademais, caixa redutora e tracción 4 x 4. Así mesmo, estarán dotados da pre-instalación para equipamentos emisores-receptores de radio dixital homologados, de tipo base, para o acceso á Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia.

Coa finalidade de desenvolver con eficacia as funcións que ten atribuídas a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, son precisos unha serie de medios materiais, caso dos vehículos todo terreo de tipo *pick-up*, os cales son quen de circular con seguridade nos montes e facilitar así o desenvolvemento das tarefas de prevención e defensa dos incendios forestais que leva a cabo o persoal do dispositivo da Xunta. Con esta medida procúrase, polo tanto, mellorar a prevención e defensa fronte ao lume, proporcionando unha maior seguridade ás persoas e aos bens, tanto forestais como non forestais.

Pladiga 2026

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto, o pasado 13 de abril aprobouse no Consello da Xunta a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2026, co maior investimento da súa historia con 213 millóns de euros. Esta cifra inclúe persoal, así como investimentos en prevención e extinción, e supón un 18 % máis de orzamento con respecto ao ano pasado.

Nel inclúense novidades tecnolóxicas, como a ampliación dun 30 % da rede de videovixilancia; a integración da IA no sistema interno de xestión e a creación dunha app para que a cidadanía poida alertar dos incendios forestais. En relación cos medios humanos, refórzase a UDEX, especializada en grandes incendios forestais, que pasa de 6 a 15 membros; e incorpóranse 42 novas brigadas para a tempada de alto risco. No eido dos medios materiais, sumaranse 16 novos bulldózeres para labores preventivos e máis medios aéreos, con dous novos avións de carga en terra, un de coordinación e un helicóptero pesado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN DE MÁIS DE 20.500 DIRECTIVOS PARA REFORZAR A COMPETITIVIDADE E A PROXECCIÓN INTERNACIONAL DAS EMPRESAS GALEGAS

- O Goberno galego lanza unha nova edición do programa Capacita Directivos que, desde a súa posta en marcha en 2015, celebrou 110 actividades ás cales se destinaron arredor de 2 millóns de euros
- A nova edición incorpora foros sobre innovación, reindustrialización, xeoestratexia e transición ecolóxica
- A iniciativa amplía a colaboración público-privada e prevé beneficiar máis de 1.000 profesionais en 2026

O Consello da Xunta avaliou os resultados do programa Capacita Directivos que, desde a súa posta en marcha en 2015, se consolidou como unha das principais ferramentas do Goberno galego para impulsar a profesionalización empresarial. Cun investimento próximo aos 2 millóns de euros, ao longo destes dez anos desenvolvéronse máis de 110 actividades formativas e participaron máis de 20.500 asistentes. No Consello tamén se avanzou na programación da convocatoria 2026, que aspira a beneficiar a máis dun milleiro de profesionais.

Capacita Directivos ten como obxectivo principal fortalecer as competencias estratéxicas e de xestión dos equipos directivos, contribuíndo a mellorar a produtividade, a competitividade e a proxección internacional das pemes nun contexto marcado pola transformación dixital, a sustentabilidade e a crecente complexidade global. Cadros directivos e mandos intermedios das empresas galegas son os seus principais destinatarios.

Neste contexto, acaba de activarse unha nova edición do programa a través dun convenio de colaboración promovido polo Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe) en alianza con entidades de referencia como a Asociación para o Progreso da Dirección (APD), o Círculo de Empresarios de Galicia, Nordés Club Empresarial e, como novidade, o Club Financeiro de Santiago, reforzando así un modelo de cooperación público-privada que amplía o alcance e a calidade da oferta formativa e permitirá desenvolver actuacións orientadas tanto á actualización de coñecementos como á concienciación sobre a importancia da dirección estratéxica nas empresas.

A programación para este ano recolle a organización dunha ducia de eventos de alto nivel, centrados en ámbitos clave para o futuro do tecido produtivo galego. Entre eles destacan foros especializados en innovación aberta e emprendemento, competitividade e reindustrialización, ou encontros orientados a analizar o impacto da nova xeopolítica na actividade empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, incorpóranse iniciativas como o foro Re_Galicia 2026, orientado a redefinir o posicionamento económico de Galicia, a “Xeografía Empresarial”, para recoller as necesidades do tecido empresarial nos distintos territorios, e encontros sobre transición ecolóxica, defensa e capacidades industriais. Xunto con elas, o programa inclúe a Escola Galega de Conselleiros, centrada na profesionalización dos órganos de goberno –especialmente en empresas familiares–, e impulsa a plataforma dixital Capacita Directivos Web-TV para dar continuidade e difusión aos contidos xerados.

O convenio conta cun orzamento de máis de 210.000 euros, dos cales o Igape achega ata o 70 %, e a súa vixencia esténdese ata o 30 de decembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADXUDICA CASE 1.520 M€ DOS FONDOS MRR, QUE REPRESENTAN O 91 % DOS RECURSOS DISPOÑIBLES

- O conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou ao Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR correspondente ao primeiro trimestre de 2026
- O 80 % do gasto adxudicado xa está executado ou pagado, superando os 1.200 millóns de euros

A Xunta de Galicia acada os 1.522 millóns de euros adxudicados dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que representan o 91 % dos recursos dispoñibles.. Por outro lado, o gasto executado aumentou un 8 % neste trimestre ata acadar os 1.213 millóns de euros que xa foron pagados ás empresas, persoas físicas, autónomos e outras entidades e sociedades. Así se reflicte no informe que o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, presentou ao Consello do Goberno galego referido á execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia correspondente ao primeiro trimestre de 2026.

Segundo explicou Miguel Corgos no Consello, os ingresos recibidos que a Xunta ten á disposición para a execución do MRR ascenden a 1.670 M€, en ámbitos como a transición verde e transformación dixital, industria, comercio e turismo, protección social e educación ou ciencia e saúde. O conselleiro de Facenda e Administración Pública subliñou o avance na execución que os distintos órganos xestores da Xunta de Galicia están a conseguir.

Miguel Corgos recordou que o prazo para a consecución dos fitos e obxectivos establecidos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España finaliza en agosto de 2026. Tamén fixo fincapé na importancia de continuar na senda de execución co obxectivo de garantir unha óptima absorción dos fondos que ten á disposición a Xunta de Galicia. O conselleiro fixo fincapé na falla de coordinación e disparidade de criterios por parte dos Ministerios.

O informe presentado repasa tamén o estado de execución dos proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica, que son deseñados, planificados e xestionados polo Goberno do Estado. Existen, na actualidade, 12 PERTE aprobados con financiamento de fondos MRR, que contan cun orzamento total de máis de 41.000 M€, pero só se adxudicaron ata o de agora 20.600 M€ (50 %). A participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTE é do 5,3 % (1.098 M€) do asignado en toda España.

Canto ao impacto da execución da Xunta de Galicia a través dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia na sociedade galega, ata finais do primeiro trimestre de 2026, preto de 48.000 persoas físicas, máis de 8.200 autónomos e case 7.000 entidades e sociedades estanse a beneficiar dos fondos xestionados polo Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PROPOSTA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2026 ASCENDE A MÁIS DE 1.200 PRAZAS

- Alfonso Rueda anuncia que se negociará coas organizacións sindicais esta mesma semana
- Explica que inclúe “811 prazas de acceso libre e 300 de promoción interna independente do persoal funcionario de carreira”
- A proposta esgota a “taxa máxima de reposición permitida polo Estado, que é a establecida no ano 2023, xa que son os últimos PGE aprobados”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, indicou hoxe que a proposta da oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Xunta e das entidades instrumentais do sector público autonómico para este ano 2026 ascende a “máis de 1.200 prazas, case o 70% de acceso libre” e negociárase coas organizacións sindicais esta mesma semana.

Na elaboración desta proposta, o Goberno galego aplicou a “taxa máxima de reposición permitida polo Estado, que é a establecida no ano 2023, xa que son os últimos PGE aprobados”, tal e como indicou Rueda. A proposta, explicou, inclúe “811 prazas de acceso libre e 300 de promoción interna independente do persoal funcionario de carreira, ademais de 91 prazas para promoción interna de persoal laboral fixo como proceso de funcionarización”.

Así quedou patente nun informe que coñeceu hoxe o Consello de Goberno, en que a Consellería de Facenda e Administración Pública debullou a proposta que se debaterá nos vindeiros días.

Con esta proposta, o Goberno galego garante a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un emprego fixo, estable e de calidade na Administración autonómica, así como o dereito do persoal empregado público a unha promoción profesional.

Prazas de acceso libre

Do total das 811 prazas de acceso libre, “máis de 370 serán para os principais corpos e escalas da Administración xeral, máis de 330 prazas son para escalas da Administración especial e máis de 90 prazas son para categorías de persoal laboral”, indicou Rueda.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias.

Por outra parte, a oferta inclúe máis de 50 prazas de acceso libre en entidades do sector público instrumental autonómico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Promoción interna

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 300 prazas para a promoción interna do persoal funcionario de carreira, uns procesos reservados a empregados e empregadas públicas que xa son persoal funcionario e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

Así mesmo, ofértanse 91 prazas de promoción interna para persoal laboral fixo como proceso de funcionarización.

Prazas reservadas para persoas con discapacidade

O presidente da Xunta explicou que “do total das prazas desta OEP, resérvase un 12% para persoas con discapacidade” e unha parte delas será para o acceso de persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Rueda salientou que esta reserva é “cinco puntos por riba do mínimo que marca a lexislación”, que establece un mínimo do 7 % para facilitar o acceso da discapacidade á función pública, de xeito que progresivamente se alcance o 2 % dos efectivos totais de cada Administración pública incluída no ámbito de aplicación desta lei, porcentaxe que, por outra parte, xa está superada no caso da Administración xeral. Continúase así cunha medida que ten como obxectivo colaborar na integración social e laboral das persoas con discapacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA PO-407 NO PORRIÑO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO QUE SE APROXIMA AOS 615.000 EUROS

- Trátase de crear un itinerario de preto de 1 km pola marxe dereita desta vía, para dispor dun novo espazo seguro para tránsito peonil e independente da calzada nunha zona de vivendas e acceso ao colexio Cruz de Budiño
- As obras licitaranse nas vindeiras semanas para iniciar a súa execución no derradeiro trimestre do ano, cun prazo de execución de oito meses
- A senda executarase no treito da vía entre os puntos quilométricos 0+130 e 1+020 cun ancho mínimo de 1,80 metros e bordo, agás nun punto onde existe unha estrutura
- A intervención inclúe actuacións complementarias de acondicionamento de paradas de autobús, a mellora dos sistemas de drenaxe, a recolocación de contedores de residuos ou reforzo da sinalización
- O Goberno galego segue apostando por actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible

O Consello da Xunta acordou hoxe a licitación das obras de construción dunha senda peonil na estrada autonómica PO-407, no concello do Porriño.

O investimento total que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da seguridade viaria, especialmente para os peóns, que se aproximará aos 615.000 euros.

Mediante esta contratación, trátase de habilitar un itinerario de preto de 1 quilómetro de lonxitude na marxe dereita da PO-407, que discorre integramente polo municipio pontevedrés, que conta cun tráfico maioritariamente local, cunha importante funcionalidade ao contar con vivendas na súa traza e un equipamento educativo como o colexio público Cruz de Budiño.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas esta obra, para iniciar a súa execución no derradeiro trimestre do ano. O prazo de execución das obras é de oito meses.

En concreto, a actuación consiste na construción dunha senda no treito da estrada PO-407 comprendido entre os puntos quilométricos 0+130 e 1+020, creando un espazo seguro para o tránsito peonil independente da calzada, xa que esta carece na actualidade dunha zona destinada á circulación dos peóns.

A intervención deseñada polo departamento de Infraestruturas da Xunta permitirá a execución dunha senda en formigón coloreado de ancho mínimo de 1,80 metros, agás

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nun estreitamento puntual na contorna do punto quilométrico 0+750, onde existe unha estrutura.

De cara a facilitar a accesibilidade, nos vaos peonís previstos colocarase pavimento táctil de botóns ou direccional, formado por baldosas de 30x30 centímetros sobre unha base de formigón. O pavimento táctil, indicador de advertencia ou proximidade a puntos de perigo, situarase nos extremos da senda para indicar o final desta, así como nas paradas de autobús ou nos pasos de peóns para advertir a posibilidade de cruzamento con seguridade.

As obras que se van contratar inclúen melloras da seguridade adicionais, como o acondicionamento das paradas de autobús existentes nos puntos quilométricos 0+280 e 0+960. En ambos os casos acondicionarase e ampliarase a zona peonil, sinalizarse o refuxio e disporase de pavimentos que cumprirán as normativas vixentes de accesibilidade.




A intervención completarase con traballos adicionais de instalación dun prisma soterrado de telecomunicacións e iluminación, a mellora dos sistemas de drenaxe, a recolocación de contedores de residuos, sistemas de contención, construción de muros ou reforzo da sinalización.

O Executivo autonómico mantén o impulso das intervencións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sustentable.


Esta nova actuación da Xunta é susceptible de financiamento dos fondos europeos FEDER 21/27.

Plano de conxunto e planos de planta das actuación na PO-407:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACADA O 85 % DE PARTICIPACIÓN NO CRIBADO DE CÁNCRO DE MAMA, QUE PERMITIU REDUCIR Á METADE O NÚMERO DE MASTECTOMÍAS NECESARIAS EN 20 ANOS

- O informe de resultados do programa galego de detección precoz de cancro de mama sinala que no ano 2000 máis do 50 % dos cáncros detectados precisaban desta cirurxía e en 2023 baixa ao 25 %
- Galicia foi pioneira ao ampliar o acceso ao cribado a mulleres de 74 anos
- Desde a posta en marcha do programa de cribado, en 1992, e ata 2024, detectáronse preto de 1.900 carcinomas e máis de 11.000 cáncros invasivos
- En caso de sospeita tras mamografía, infórmase a afectada por carta e chamada para acudir a unha cita de confirmación de diagnóstico
- A Consellería de Sanidade avanza na mellora do cribado co estudo da implantación da intelixencia artificial como apoio á lectura das mamografías por profesionais
- A Xunta inclúe no proxecto Xenoma Galicia a identificación de variantes xenéticas de risco para cancro de mama e ovario hereditario, que xa detectou 14
- Galicia está a liderar o proxecto Mamorisk que pretende calcular factores de risco, máis aló da idade, para redefinir o cribado

A Xunta chegou en 2024 a unha participación no cribado de cancro de mama do 84,8 %, segundo recolle o informe de situación e resultados 2013-2024 do programa galego de detección precoz do cancro de mama da Consellería de Sanidade.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe este informe que avala a detección precoz ao longo dos anos como ferramenta para aplicar tratamentos menos invasivos. Así, mentres no ano 2000 a mastectomía foi un dos tratamentos no 51,1 % dos casos de cancro detectados na primeira rolda do cribado, no ano 2023 requiriron de extirpación cirúrxica dun ou de ambos seos nun 25 % dos casos.

Esta cifra reduciuse igualmente no caso de cáncros detectados en roldas sucesivas do cribado. No 2000 precisaron de mastectomía un 41,8 % e en 2023, o 14,38 %. Isto reflicte, por unha banda, que os casos se están a diagnosticar nunha alta porcentaxe en estadios temperáns e, pola outra, que se está a avanzar nas técnicas de cirurxías conservadoras e que se están a realizar, sempre que sexa posible.

A detección en fase preclínica constitúe a estratexia sanitaria máis determinante para mellorar o pronóstico de cancro de mama, incrementar a supervivencia e garantir a efectividade de tratamentos menos agresivos.

A poboación diana do cribado son mulleres de 50 a 74 anos, ás que cada dous anos se lles realiza unha mamografía. Galicia foi pioneira en 2023 ao subir a idade do cribado ata os 74 anos, tendo como base a evidencia científica, dado que os datos indicaban que un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

número importante de mulleres poderían beneficiarse dun diagnóstico precoz sen incrementar determinados efectos non desexados, como falsos positivos.

Procedemento

O sistema de invitación a participar no cribado de cancro de mama da Xunta realízase de forma personalizada mediante carta e SMS, especificando xa lugar, data e hora para realizar a mamografía. No caso de non asistencia, emítese unha segunda citación de recordatorio.

Unha vez realizada a mamografía, se o resultado é negativo, as mulleres reciben unha sms ou unha carta informándoas e recomendándolles repetir o estudo cando sexan convidadas de novo ao cabo de dous anos. No caso de que sexa necesario realizar unha valoración clínica adicional para chegar a un diagnóstico, infórmase por carta, na cal se facilita unha cita para seren atendidas nunha unidade hospitalaria de diagnóstico e tratamento. Esta carta remítese días antes da cita e, ademais, chámase á muller por teléfono dous días antes da cita para confirmala.

Desde a posta en marcha do programa galego de detección precoz de cancro de mama, en 1992 detectáronse 1.851 carcinomas e 11.051 tumores invasivos, tras máis de 3,5 millóns de exploracións.

O cribado demostrou un beneficio en termos de mortalidade. Logrou unha redución superior ao 20 % das mortes esperadas no grupo de 50-69 anos, evitando 910 falecementos entre 1980 e 2012.

En canto á supervivencia relativa (indicador que illa a morte relacionada co cancro de mama da mortalidade xeral), as mulleres participantes presentan unha taxa de supervivencia aos 5 anos do 94,5 %, fronte ao 83,1 % das mulleres diagnosticadas á marxe do programa.

A Consellería de Sanidade destina anualmente arredor de 300.000 euros ao desenvolvemento do cribado no que ten que ver co envío postal, edición de folletos e material sanitario para as 24 unidades de exploración situadas en hospitais públicos e centros de saúde.

Introdución da intelixencia artificial

A Xunta puxo en marcha en 2024 un estudo prospectivo piloto para o uso da intelixencia artificial TRANSPARA como asistente á dobre lectura independente dos radiólogos do cribado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste momento este software está en fase de avaliación como soporte á decisión radiolóxica, xa que a intelixencia artificial pode diminuír o traballo manual dos profesionais de radioloxía e manter ou mellorar indicadores de calidade de cribado.

Búscase avaliar se a intelixencia artificial pode acelerar o informe diagnóstico de mamografías, aumentar a eficiencia do programa de cribado e asegurar que os casos de alto risco reciban maior atención do radiólogo. Este software asigna puntuacións de risco a cada estudo, axuda a priorizar os casos con maior probabilidade de cancro e reduce carga de lectura.

Cara a un risco personalizado

A Xunta tamén ten en marcha o proxecto Xenoma Galicia, que nas súas primeiras fases xa permitiu identificar 14 mulleres con variantes xenéticas de risco para cancro de mama e ovario hereditario. Estas usuarias son derivadas ás Unidades de Consello Xenético do seu hospital de referencia e, en xeral, as portadoras das mutacións BRCA1 ou BRCA2 teñen un seguimento intensivo con recomendacións que inclúen resonancias magnéticas e mamografías anuais, revisións xinecolóxicas frecuentes e a opción de cirurxías preventivas.

Ademais, Galicia, lidera unha investigación a nivel nacional, o proxecto Mamorisk, que pretende validar un sistema de clasificación en función do risco que podería permitir un cribado personalizado. O proxecto ten como investigadores principais a Manuela Gago, da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, e Esteban Castelao e Carmen Redondo, da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur, e conta co apoio e participación da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Este modelo inspírase nunha calculadora en que incluír factores de risco, máis aló da idade como único criterio, con factores de protección fronte ao cancro de mama. Así, o cribado adáptase ao risco personalizado de cada muller.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA RECLAMA QUE A `VISIÓN 2040` RECOÑEZA A PESCA E A ACUICULTURA COMO SECTORES ESTRATÉXICOS E IMPULSE A SEGURIDADE ALIMENTARIA ATA O 45 %

- No marco da consulta pública desta estratexia da Comisión Europea, a Xunta defende unha maior participación das rexións na gobernanza das políticas comunitarias
- Incide en que a nova PPC garanta a sustentabilidade destes sectores e propón avanzar nun modelo máis equilibrado, integrando os obxectivos ambientais co desenvolvemento socioeconómico do sector

A Consellería do Mar trasladou á Comisión Europea unha posición firme e ambiciosa para a futura *Visión 2040 da pesca e da acuicultura*, na cal reclama un cambio de enfoque nas políticas comunitarias para garantir o futuro do sector e das comunidades costeiras, asegurando a longo prazo a sustentabilidade e competitividade da actividade pesqueira e acuícola.

O Consello da Xunta deu conta do informe cos argumentos defendidos polo departamento autonómico no marco da consulta pública sobre esta estratexia levada a cabo polo Executivo comunitario, en que Galicia sostén que a UE debe recoñecer ambas actividades como sectores estratéxicos para a súa seguridade alimentaria, a súa competitividade económica e a cohesión territorial, situándoas ao mesmo nivel que ámbitos clave como a agricultura ou a enerxía.

Galicia é a rexión pesqueira máis importante da Unión Europea. A acuicultura galega, liderada polo cultivo de mexillón en bateas, acadou no 2025 unha produción total de 189.251.54 quilos, dos cales o mexillón representou uns 177.638.577 quilos (93,8 % do volume total). Este sector xera emprego directo e indirecto para centos de familias e constitúe un pilar esencial da economía azul, da seguridade alimentaria e da cohesión territorial nas comunidades costeiras. Ademais, a comunidade, con 4.133 buques pesqueiros, ten a maior flota pesqueira de España, e unha das maiores de Europa, chegando a representar o 18 % e o 14,2 % da facturación e da produción pesqueira da UE, respectivamente.

Nesta liña, a achega da Xunta enmárcase no proceso de consulta pública desta estratexia, que ten por obxecto establecer o marco político xeral para abordar os retos estruturais do sector, en consonancia co Pacto Europeo polos Océanos.

Entre as principais liñas de acción defendidas pola Xunta destacan: unha política pesqueira común (PPC) máis equilibrada, que teña en conta non só criterios biolóxicos senón tamén o impacto socioeconómico das decisións; un maior protagonismo das rexións e do propio sector na toma de decisións, reforzando a gobernanza participativa; o impulso á remuda xeracional, a dignificación das condicións laborais e a incorporación da mocidade e das mulleres; a modernización da frota e a transición enerxética,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reducindo a dependencia dos combustibles fósiles; o apoio á innovación, á dixitalización e á mellora da competitividade da cadea de valor; a defensa dun acceso xusto ao espazo marítimo fronte a novos usos emerxentes, e a exigencia de condicións de competencia equitativas cos produtos importados.

Esta proposta fíxose tras analizar os resultados das políticas europeas aplicadas na última década que, aínda que contribuíron á recuperación de numerosos recursos mariños, tiveron tamén consecuencias sobre o tecido produtivo, cunha redución significativa da frota e un crecemento insuficiente da produción acuícola.

Por este motivo, a Xunta considera que Europa non pode continuar aumentando a súa dependencia exterior nun contexto en que máis do 60 % dos produtos do mar consumidos proceden de terceiros países. Así, Galicia propón fixar un obxectivo político claro: elevar a autosuficiencia europea desde a taxa do 38,1 % que había no 2023 ata, polo menos, o 45 % no horizonte de 2040.

A comunidade galega, nas alegacións presentadas na consulta pública, pon en valor o papel esencial do sector na economía azul, na creación de emprego e na fixación de poboación no litoral. Ao mesmo tempo, alerta dos desafíos que ameazan a súa continuidade, como o envellecemento da frota, a falta de remuda xeracional, o impacto do cambio climático ou a crecente competencia polo espazo marítimo.

Por todo isto, Galicia reclama unha viraxe nas políticas europeas cara a un modelo máis equilibrado, que integre de maneira realista os obxectivos ambientais coas necesidades económicas e sociais do sector.

A *Visión 2040* debe ser, por tanto, unha oportunidade para corrixir desequilibrios e construír unha política marítima europea máis xusta, eficaz e adaptada á realidade dos territorios, que garanta un futuro viable, sustentable e competitivo para o sector pesqueiro e acuícola.